Na miña opinión, a importancia dos diversos métodos e ferramentas para lograr obxectivos non é tanto que non importen en si, senón que xa non resulta tan importante que eses modos se axusten á ortodoxia que mantiñan cos diversos campos e sectores estancos, ancorados en paradigmas que se revelaron obsoletos. O modo, as aplicacións de metodoloxías e o proceso técnico para a produción foron durante moito tempo o signo identitario dun campo ou un sector específico. O chamado «saber facer» era a acreditación que definía certo tipo de produción avalada polos seus altos criterios de calidade específica. Esta especificidade de produción pode estar vinculada mesmo á identidade dunha determinada cultura, como a relojería suíza, a electrónica xaponesa ou a industria alemá. Esta diferenciación competitiva como obxectivo ten que ver cun concepto non arbitrario como é o concepto de calidade e este depende directamente da cultura, e responde aos valores establecidos nesa cultura e non tanto a unha capacidade intrínseca ou innata.

144

A EMPRESA, O MERCADO E OS SISTEMAS DE PRODUCCIÓN NUNCA FORON ALLEOS AOS MODOS E MANEIRAS DE FACER DA ARTE E DO DESEÑO, E EN GRAN MEDIDA ADOPTARON E EMPREGARON USOS BASEADOS NOS SEUS DESENVOLVEMENTOS, AÍNDA QUE A INCORPORACIÓN DAS SÚAS ESTRATEXIAS AÍNDA NON ALCANZOU UNHA FUNCIÓN PRODUTIVA SATISFACTORIA, PORQUE MÁIS QUE NUNHA INCORPORACIÓN COLABORATIVA CONSISTIU NUNHA EMULACIÓN SISTEMATIZADA OU UNHA COPIA DESPROVISTA DA IMPLICACIÓN PROFUNDA CO MEDIO, COMO A QUE TEN O ARTISTA E O DESEÑADOR, PERDENDO A ESENCIA NO INTENTO.

A mutabilidade e a capacidade transformadora achegada pola adopción de novas maneiras de produción e a aparición constante de tecnoloxía disruptiva empezou a relativizar ese valor intrínseco, pero tamén, parece revelarse, máis que como unha ameaza, como un acelerador para a transformación de sistemas. Un exemplo actual é o deseño do *blockchain*, que acaba transformando a banca mundial. É tan simple como que, *a priori*, se algo funciona mellor acabará aplicándose e impoñéndose. E neste contexto, a transversalidade do deseño e a arte é crucial. En realidade, a empresa, o mercado e os sistemas de produción nunca foron alleos aos modos e maneiras de facer da arte e do deseño, e en gran medida adoptaron e empregaron usos baseados nos seus desenvolvementos, aínda que a incorporación das súas estratexias non alcanzou unha función produtiva satisfactoria, porque máis que nunha incorporación colaborativa consistiu nunha emulación sistematizada ou unha copia desprovista da implicación profunda co medio, como a que ten o artista e o deseñador, perdendo a esencia no intento.

Os deseñadores, como solucionadores transversais de problemas, funcionan como un detector de fallas no sistema, de espazos de acción e asociación onde atopar nichos de viabilidade para propostas sorprendentes ou sentidos novos. Para este propósito, a incursión de estratexias e métodos artísticos resulta altamente produtiva. Dado que a multiplicidade de modos e maneiras de exploración que o medio artístico

desenvolveu é inmensa, case tan ampla como o número de autores, resulta un campo moi exótico para exportar. Pero, ademais, o mercado premia facer as cousas de maneira que a autoría (individualizada, colectiva ou corporativa) apareza como resultado dun novo valor intrínseco que xorde da responsabilidade e o compromiso que establece o autor co obxectivo que busca. No deseño ocorre de modo similar, aínda que a progresiva perda de autoría no deseño acabou evitándolle tal responsabilidade co resultado e acabou cunha función fundamental do deseño como compromiso identitario. Así, asistimos no pasado á absorción dos deseñadores como tradutores e non xeradores de valor e significado, igual que os artistas na absorción de calquera significado ante o mercado. Actualmente podemos observar esa tendencia na creación de algoritmos ou desenvolvementos onde a responsabilidade autoral se ve licuada no *corpus* tecnolóxico do sistema. Pero en realidade, a sociedade demanda compromiso e responsabilidade e por iso busca identificarse cos valores que a marca fomenta e neste sentido o labor sígnico será determinante en termos de deseño.

Así, o achegamento entre disciplinas ante a nova realidade que se nos presenta pódese anticipar ou fomentar por parte do sector produtivo, pero será inevitable. Estamos a vivir baixo o cambio constante, a velocidade das innovacións é exponencial e non temos capacidade biolóxica para adaptarnos á velocidade deses cambios. Experimentamos unha transformación da realidade brutal e


a socioloxía teorizou a einsteinización do espazo a través dos medios, e vivimos xa coa ruptura sociocultural do principio de localidade, así como unha relocalización do territorio en intervalos de tempos relativos. Pasamos a vivir nunha contorna rodeados de máis imaxes de obxectos que obxectos e de máis obxectos fabricados que os producidos polo medio. Esta circunstancia ten orixe na evolución da ciencia e na suplantación do concepto de sistema polo concepto de modelo, que se traduce no cambio do sistema analóxico polo modelo dixital. Nese abandono do real dado, agora asistimos a un segundo cambio, desde esa desmaterialización dixital

anterior cara á rematerialización virtual; a xeración dunha contorna que fai funxible o xemello virtual coa realidade material a través da hiperresolución das pantallas e dispositivos de visión, a realidade aumentada e a velocidade de interacción a tempo real do 5G. Neste novo espazo a realidade das cousas e as cousas da realidade entran nun diálogo e necesítase da contribución especular e reflexiva da arte e da capacidade mediadora do deseño. É importante para calquera sociedade que queira ser produtiva e operativa en termos do manexo da súa información, conseguir construír a narrativa de realidade que nos leve máis alá dunha pasividade inducida.

Tes unha visión particular da tecnoloxía, indisoluble co concepto de creatividade que sostés.

COMO DEBE SER O USO DA TECNOLOXÍA E QUE RELACIÓN DEBE TER COA CREATIVIDADE E A CIENCIA?

Para min a tecnoloxía non é un produto da ciencia e responde a unha cultura ou, se se quere, a unha cosmovisión determinada. A técnica, a fabricación, antecede ao coñecemento científico, e desde a comprensión da técnica, desenvolvemos unha tecnoloxía da que se deduce coñecemento que logo podemos chamar científico. Non é casual que á ciencia no sentido moderno lle precedan 2000 anos de mecánica. Do mesmo xeito, tamén podemos ver na actualidade como a relación entre ciencia e tecnoloxía forman un círculo de comprensión que se retroalimenta. A fabricación de instrumentos experimentais permítenos facer comprobacións das que obtemos coñecemento novo e este coñecemento permítenos mellorar ou perfeccionar eses instrumentos que, pola súa vez, volven facultar a nosa comprensión da realidade máis coñecemento, e así constantemente. Dalgún modo, a tecnoloxía é como a nosa fronteira infinita coa realidade.



AO DESEÑAR OBXECTÍVASE
E OBXÉCTASE. ESTA ESENCIA
DUAL TEN QUE MANTERSE
LATENTE COMO CONSTANTE
FUNDAMENTAL Á HORA
DE CONCIBIR SISTEMAS,
INTERFACES OU ESTRATEXIAS
QUE PERMITAN VEHICULAR
O USUARIO CARA A UN
ESPAZO DE RELACIÓNS.



148

149

Para min, a tecnoloxía é o cociente entre aceleración e rozamento, entendendo a aceleración como unha perpendicular que define unha dimensión inferior e o rozamento como a perpendicular que identifica unha dimensión superior. Dito doutra maneira, a fronteira sensorial que nos permite o coñecemento superficial do medio vese potenciado polo uso de instrumentos que funcionan como extensión dos nosos sentidos ata ese contacto fronteira; eses instrumentos son mediadores que nos dan unha relación diferida do que percibimos, e transforman a nosa capacidade operativa, funcional e cognoscitiva. É o seu uso, en canto aplicación, e a nosa reflexión no entendemento do seu funcionamento, o que nos serve de espazo extensivo e comprensivo. Por iso, para min a circunstancia máis estraña que aínda ten a nosa tecnoloxía é a súa condición hidrofóbica: non funciona ben coa auga, cando a auga é o noso medio, a parte principal do noso organismo e a unidade de referencia sensorial coa que percibimos. Esta circunstancia de inadecuación ten as sabidas consecuencias na nosa contorna, por iso é parte fundamental do problema.

A función do deseño e da arte é crucial. Podemos fixarnos, por exemplo, no deseño dos coches. Cal é o sentido evolutivo, se é que o ten, do cambio das formas na carrocería? Poder argumentar que é unha cuestión da aerodinámica, por tanto, da enxeñería. É dicir, da procura da forma fronte ao rozamento, que como tendencia estética se reduce á pinga da auga en precipitación, ao fluído, ao axuste co resto do espazo. O coñecemento estético e

o seu significado pódenos axudar a dirixir estes deseños máis alá das tendencias e as modas cara a un sentido evolutivo.

Ocorre igual coas televisións como xanelas, que significado ten que pasar da caixa de tubo de raios catódicos a aplanar as pantallas, a curvalas, a eliminar o marco? Por que tanto investimento neses detalles? Trátase de problemas estéticos máis que de melloras tecnolóxicas intrínsecas. Teñen unha profunda relación entre o soporte e o insoportable. A inmanencia da imaxe, o envés do espello, na animación do inanimado. Por iso non debemos obviar a relación entre tecnoloxía e transcendencia e aí, o deseño e a estética son os campos que exploran o significado do que facemos e por que o facemos. O límite da planitude da pantalla fronte á tridimensionalidade ten efectos rebote no deseño das mesas dos noticiarios nos estudos televisivos, buscan resolver xeometricamente un problema de percepción do espazo. As implicacións do deseño van moito máis alá de aspectos formais, vólvense cruciais para a construción do medio, do soporte; son extensións de carácter existencial.

O deseño entende e estuda como toda forma busca unha adecuación estrutural para cumprir unha función. Temos que repensar o obxecto como un problema da adecuación escalar entre o invisible e o visible. A arte e o deseño funcionan dentro de claves de creación poética profunda onde podemos recuperar un sentido evolutivo da tecnoloxía. Niso, o deseño ten que atender non só o uso extrínseco da creación de protocolos

PASAMOS A VIVIR NUNHA CONTORNA RODEADOS DE MÁIS IMAXES DE OBXECTOS QUE OBXECTOS E DE MÁIS OBXECTOS FABRICADOS QUE OS PRODUCIDOS POLO MEDIO. ESTA CIRCUNSTANCIA TEN ORIXE NA EVOLUCIÓN DA CIENCIA E NA SUPLANTACIÓN DO CONCEPTO DE SISTEMA POLO CONCEPTO DE MODELO, QUE SE TRADUCE NO CAMBIO DO SISTEMA ANALÓXICO POLO MODELO DIXITAL. NESE ABANDONO DO REAL DADO, AGORA ASISTIMOS A UN SEGUNDO CAMBIO, DESDE ESA DESMATERIALIZACIÓN DIXITAL ANTERIOR CARA Á REMATERIALIZACIÓN VIRTUAL.

151

e interfaces, senón tamén poder modular e proxectar funcións reversibles; a arte achega un vocabulario modal para este fin.

AGORA MESMO ESTÁS TRABALLANDO DESDE SINGAPUR EN DIFERENTES PROXECTOS DE TECNOLOXÍA. PODERÍAS EXPLICAR EN QUE CONSISTE ALGÚN DELES?

A miña relación coas propostas de tecnoloxía remóntase ás miñas primeiras pezas de arte. Nelas traballaba na resolución de problemas técnicos para fins plásticos desde a experimentación coa tecnoloxía de uso doméstico. Vendo as posibilidades tan amplas que isto me permitía, intentei experimentar co prototipado de previsibles usos e aplicacións que se poderían realizar e que, doutra banda, non eran difíciles de prever que a industria as xeraría pronto. Así, empecei coa exploración das explosións de flocos de millo como modo para estudar a formación de corpos celestes, os cúmulos e cousas así. A tecnoloxía que utilizaba era a máis avanzada á que un usuario doméstico pode ter acceso: un acelerador de partículas por microondas. Paralelamente a esta actividade realicei dentro das miñas propostas plásticas dispositivos para a captura e emisión dos sinais cardíacos en liña, a transmisión de imaxes analóxicas a través de fibra óptica, a fabricación de microproxectores, a captura dos movementos oculares con infravermellos para controlar dispositivos, a propulsión de aire con frecuencias de son, a construción de lentes con fluídos, sistemas para detectar os movementos das plantas etc. Eran xogos caseiros que non pasarían ningún test de viabilidade industrial, pero servíanme na procura desa fronteira do posible e o imposible, simples exercicios de imaxinación co que xa se podían desenvolver cousas que agora temos en calquera tenda.

Houbo un momento no que me dei conta de que a acción e a intención artística estaba determinada, senón condicionada ou, mesmo, supeditada pola propia tecnoloxía. Así que decidín que debería intentar cambiar o espazo de acción artístico e intentar repercutir directamente na técnica, incidir no estado da tecnoloxía en varios campos. Así que me empeñei en realizar propostas tecnolóxicas como parte dun xesto artístico, dunha proposta estética.

Actualmente sigo entendendo esa intención como unha actividade performativa. En Singapur intento desenvolver e producir as miñas propias propostas tecnolóxicas, das que espero acaben culminando obxectos de mercado. Para min é

como facer obras de series ilimitadas, aínda que o fin último siga sendo a exploración de posibilidades e fronteiras. Destas propostas moitas están enfocadas nos sistemas e dispositivos de visión e iluminación. Outros desenvolvementos son aplicacións informáticas baseadas non na recompilación de información senón na xeración consciente dela. Hai propostas de dispositivos para arquitectura, de realidade aumentada. Tamén traballo no deseño de sistemas e protocolos neuromórficos de I.A. Todo iso segue sendo unha proposta estética ou exploración plástica igual que as anteriores, pero desde o deseño do propio dispositivo e da mesma tecnoloxía. Paréceme fermoso cambiar algoritmos por ecuacións, neles non existe ética sen estética.

Ante a tecnoloxización do mundo, o deseño ou a arte deben ser tan críticos con ela como fortalecedores das súas virtudes, para actuar como moderadores, como contrapeso, como filtro. Debemos mediar entre o humano e o tecnolóxico, pero

NESTE NOVO ESPAZO A REALIDADE DAS COUSAS E AS COUSAS DA REALIDADE ENTRAN NUN DIÁLOGO E NECESÍTASE DA CONTRIBUCIÓN ESPECULAR E REFLEXIVA DA ARTE E DA CAPACIDADE MEDIADORA DO DESEÑO.

152

153

POR QUE CRES QUE NOS EMPEÑAMOS EN SEPARAR O CIENTÍFICO E O HUMANÍSTICO CANDO AS SÚAS FUNCIÓNS CONVERXEN NA SÚA INTENCIÓN DE CONSTRUÍR UN FUTURO MELLOR?

Seguimos intentando manter os campos do saber illados porque a fragmentación do traballo e o coñecemento deviñeron nunha hiperespecialización que resulta en moitos aspectos moi conveniente, pero para a mellora do futuro revélase como insuficiente. Ante esa hiperespecialización é normal que emerxese a multidisciplinaridade e a transdisciplinaridade como contrapeso. A arte, o deseño e moitas humanidades, ao carecer de funcións específicas, parecen non ter un valor cuantificable, pero no fondo seguen esa máxima de que todo o que non serve para nada é importante e, agora, parece que nos estamos dando conta. O século XXI nace coa pretensión da substitución das ciencias cognitivas e a computación como campo que dirixe o noso coñecemento sobre a física en canto disciplina que dominou o século XX. Este xiro cognitivo engloba *a priori* moitas máis disciplinas das dúas culturas que o paradigma anterior. Aínda así, a base do problema é puramente educacional.

A historia da excisión de arte e ciencia é moi interesante e na revisión desta atópanse as claves para ver o convencionalismo que existe nela. Cando C. P. Snow teorizaba en *As dúas culturas* (1959) que un dos maiores problemas de tradición cultural occidental era a división entre as disciplinas humanística e tecnocientífica, eu creo que ninguén, e menos el, podería imaxinar que a resposta posmoderna a modo de solución ía ser o desastroso movemento da vía da *Terceira Cultura* promovido por John Brockman entre outros científicos e divulgadores. Basicamente, esta vía opta por resolver o problema substituíndo as humanidades, o pensamento intelectual e filosófico polo coñecemento técnico. O resultado, creo que non cabe dúbida que se está mostrando como catastrófico. Creo que no futuro haberá un exceso de técnicos e unha demanda maior de pensadores. A solución de problemas complexos require visións multidisciplinares.



Rubén Ramos Balsa reside desde 2014 en Singapur, desde donde dirige el estudio de producción artística Labso. En 2019 funda y dirige la empresa de tecnología Mismos. Su trabajo tiene su origen en el mundo de la *performance* y en sus propuestas se aborda la interrelación de arte, ciencia y tecnología. Formado como artista plástico e investigador en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Vigo, ha participado en numerosas exposiciones internacionales, entre las que destacan la 52 Biennale di Venezia y la Singapore Biennale 2011. Ha recibido numerosos premios, como el I Premio de Artes Plásticas del Auditorio de Galicia (2003), el I Concurso de Fotografía Purificación García (2003) o el Premio Fundación María José Jove (2013) y ha sido becado para la ampliación de estudios en el extranjero por la Fundación Barrié.

Decía Albert Einstein que la creatividad es más importante que el conocimiento. Seguramente por eso el diseño y el arte son herramientas fundamentales que deberían liderar la innovación y, por qué no, la ciencia. Has señalado que la diferencia entre artistas y científicos es irrelevante y que los dos harán lo que no haga la «inteligencia artificial». Desde Singapur llevas años articulando proyectos que siempre vinculan el arte y la ciencia, disciplinas que enfocas como casi indistinguibles por su metodología procesual, por la fabricación de realidad y por su intención transformadora. Entiendo que estarás de acuerdo que esa característica transversal de la creación es extrapolable al diseño, que ha de conseguir atraer polos que tradicionalmente han caminado separados como las ciencias y las letras, entre lo cuantitativo y lo cualitativo.

¿CÓMO CREES QUE ARTE, CIENCIA, DISEÑO E INNOVACIÓN HAN DE CAMINAR EN PARALELO?

Creo recordar que la cita de Albert Einstein señalaba esa prevalencia de la imaginación sobre el conocimiento cuando se trataba de tiempos de crisis, pero ¿qué quiere decir realmente eso?, ¿cómo, ante una crisis, podemos sacar desde la creatividad un criterio novedoso y aplicarlo? Actualmente nos enfrentamos como sociedad global a problemas fundamentales que tenemos la responsabilidad de atender con soluciones adecuadas y proporcionales. Para alcanzar esos objetivos, hemos aprendido a lo largo del siglo xx que la ciencia, como autoridad en el dictado del número, la medida y el cómputo, no es por sí sola suficiente. Su formulación de teoremas y suministro de tecnología no resulta operativo sin la intervención de otros enfoques y sin una aplicación corresponsable. Por otro lado, hemos visto cómo el arte, entendido como forma de conocimiento sensible, como antena o radar del pulso del presente, no altera ni repercute

desde sus propuestas narrativas y de representación en el quehacer de la ciencia, y menos aún en el fluir de los acontecimientos, siendo absorbido rápidamente por intereses alejados de cualquier intención fundacional de la obra. Por último, hemos corroborado como el diseño en su estrategia o, si se quiere, la ingeniería en su planificación, nacen ya supeditadas a fines dados, predefinidos como sistemas de operación, perdiendo la capacidad mediadora en cuanto protocolos de aplicación y función. Es decir, tenemos problemas acuciantes que resolver y ya disponemos para ellos de numerosas soluciones potenciales y, además, sospechamos de la existencia de otras muchas por descubrir, pero persiste un fuerte aislamiento en la interacción y sincronización de los diversos campos del conocimiento que impiden lograr su aplicación y que, en el mejor de los casos, también dificultan la generación de alternativas novedosas que den respuestas más satisfactorias a las ya conocidas.

Sin embargo, si entendemos que las diferentes áreas del conocimiento funcionan como vasos comunicantes y que es, justamente, en la sofisticación de sus conexiones dónde surgen los grandes avances o, para nuestro caso, si realmente exploramos la relación compleja que se establece entre el diseño, el arte y la ciencia, entonces, seríamos capaces de construir respuestas más efectivas, provocaríamos la emergencia de soluciones inéditas que podríamos llamar innovadoras y con ello satisfacer problemas existentes y anticiparnos a otros desde su planteamiento previo. Para mí, la imaginación tiene que ver en gran medida con superar esas barreras y en cómo incorporar elementos entre estas disciplinas para obtener resultados diferentes.

Por esbozar un poco la superficie de esa relación, debemos recordar que el diseño plantea objetos y proyectos y que, precisamente, ambas palabras tienen un significado etimológico común: problema. Por tanto, el diseño de algo que se objetualiza supone tanto una objetivación, en el sentido de objetivo, como una objeción, en cuanto planteamiento de solución. Digamos que al diseñar se objetiva y se objeta. Esta esencia dual tiene que mantenerse latente como constante fundamental a la hora de concebir sistemas, interfaces o estrategias que permitan vehicular al usuario hacia un espacio de relaciones. El diseño del objeto ha de ser tanto una materialización real como un sistema de mediación signica con esa realidad. De hecho, diseñar (*design*) es literalmente designar, significar. A su vez, podríamos decir, que la fábrica de signos, el proveedor de nuevas proposiciones léxicas, de construcción de narrativas,

es un asunto capital del campo artístico. Así, la estética y la semiótica, ambas como *corpus* teórico del arte, dan acceso y legibilidad a las diversas manifestaciones plásticas del arte, elementos poéticos que el observador va incorporando a su experiencia del objeto-medio, del problema-resolución. Esta relación se conjuga también en el campo científico. El acceso experimental a los espacios de comprobación de la ciencia es ya una cuestión puramente instrumental. Por eso, la conceptualización del diseño, para el caso, de ingeniería, es un asunto crucial. En el experimento científico se ha supeditado la capacidad de predicción a la potencia de la precisión. Para atender este fin, el instrumento como objeto es construido a partir de un problema y el entendimiento de su planteamiento va a dirigir la adecuación de su diseño hasta definir su operatividad. Por su parte, el arte experimenta con las relaciones del acople entre órgano e instrumento como extensión continua que determina y termina la representación. Como camino inverso, en ciencia, una vez obtenemos una medición necesitamos una interpretación para ajustarla a un modelo predictivo. Este camino de ida y vuelta muestra semejanzas profundas entre la medición y la representación que, en ocasiones, hacen que sean indistinguibles. Hay algo de medición en la representación y algo representacional en la medida.

En el caso del concepto de proyecto encontramos también posibles caminos paralelos. En general, ya sea en ciencia o diseño, el proyecto es una previsión que pretende anticipar el resultado. Se desarrolla bajo un plan progresivo de fases que evolucionan

156

157

EN ESTE NUEVO ESPACIO LA REALIDAD DE LAS COSAS Y LAS COSAS DE LA REALIDAD ENTRAN EN UN DIÁLOGO Y SE NECESITA DE LA CONTRIBUCIÓN ESPECULAR Y REFLEXIVA DEL ARTE Y DE LA CAPACIDAD MEDIADORA DEL DISEÑO.

hasta ese resultado anticipado en el proyecto. En cambio, muchos de los procesos artísticos que devienen en una obra plástica como conclusión, aunque parten de ciertas condiciones iniciales, carecen de una finalidad anticipada. En este caso, el proceso en el arte no está supeditado a esa idea proyecto. Diríamos que no parte de un objetivo sino de una objeción, por ello no precisa seguir un plan que satisfacer, sino un proceso que resolver. De ahí que el proceso artístico no implica necesariamente un progreso, en el sentido de la consecución de pasos intermedios anticipados en un plan, sino una deriva en la búsqueda de sentido y significado. Puede entenderse como un proceso sin progreso. Basándose en esto, en la concepción del diseño se ha potenciado la idea de desarrollo, entendido como un despliegue evolutivo y no siempre lineal, que dota al proyecto de la flexibilidad suficiente para incorporar y hacer usos de variables o eventos imprevistos en la planificación. Así es como el diseño construye la aplicación, se transforma en mediación. Y así ocurre también para la ciencia cuando se establece un protocolo altamente definido para buscar un resultado y este no ocurre según lo esperado. La inadecuación del resultado a las previsiones, provoca la búsqueda regresiva de errores o fallas en las condiciones del experimento que pueden llegar a modificar el modo del proceso para reconstruir otro camino, y también puede provocar la aparición de nuevas maneras de interpretar los axiomas establecidos o incluso cambiarlos para adopción de un nuevo proyecto. La sofisticación está en combinar estas maneras de proceder.

Que plataformas como Netflix hayan dedicado grandes capítulos de su serie *Abstract* a diseñadoras como Nery Oxman o artistas como Olafur Eliasson, no sería posible si los artistas y diseñadores en los últimos tiempos no se hubiesen profesionalizado como solucionadores transversales de problemas. Poco importa el método, o si la innovación se lleva a cabo con herramientas de *Design Thinking* o *User Innovation*, lo que es realmente fundamental es lograr los objetivos de diferenciación competitiva que la innovación y las empresas demandan a la creatividad. El diseño lo ha entendido y por eso ha extralimitado sus tradicionales funciones en el ámbito de las industrias creativas para inmiscuirse también por derecho propio en el campo de la innovación y del negocio. Del mismo modo, el espacio y el tiempo son temas que interesaron por igual a Picasso y a Einstein, por poner dos ejemplos.

¿CÓMO CREES QUE DEBE SER EL ACERCAMIENTO DEL DISEÑO Y DEL ARTE, DE LA INGENIERÍA Y DE LA CIENCIA, A LA NUEVA REALIDAD QUE SE NOS PRESENTA? RESULTA CLAVE PARA EL SECTOR PRODUCTIVO FOMENTAR EL ACERCAMIENTO ENTRE DISCIPLINAS?


En mi opinión, la importancia de los diversos métodos y herramientas para lograr objetivos no es tanto que no importen en sí, sino que ya no resulta tan importante que esos modos se ajusten a la ortodoxia que mantenían con los diversos campos y sectores estancos y anclados en paradigmas que se han revelado obsoletos. El modo, las aplicaciones de metodologías y el proceso técnico para la producción, ha sido durante mucho tiempo el signo identitario de un campo o un sector específico. El llamado «saber hacer» era la acreditación que

definía a cierto tipo de producción avalada por sus altos criterios de calidad específica. Esta especificidad de producción puede estar vinculada incluso a la identidad de una determinada cultura, como la relojería suiza, la electrónica japonesa o la industria alemana. Esta diferenciación competitiva como objetivo tiene que ver con un concepto no arbitrario como es el concepto de calidad y este depende directamente de la cultura, respondiendo a los valores establecidos en esa cultura y no tanto a una capacidad intrínseca o innata.

La mutabilidad y la capacidad transformadora aportada por la adopción de nuevas maneras de producción y la aparición constante de tecnología disruptiva ha empezado a relativizar ese valor intrínseco, pero también, parece revelarse, más que como una amenaza, como un acelerador para la transformación de sistemas. Un ejemplo actual es diseño del blockchain, que acaba transformando a la banca mundial. Es tan simple como que, *a priori*, si algo funciona mejor acabará aplicándose e imponiéndose. Y en este contexto, la transversalidad del diseño y el arte es crucial. En realidad, la empresa, el mercado y los sistemas de producción nunca han sido ajenos a los modos y maneras de hacer del arte y del diseño, y en gran medida han adoptado y empleado usos basados en sus desarrollos, aunque la incorporación de sus estrategias aún no ha alcanzado una función productiva satisfactoria, porque más que en una incorporación colaborativa ha consistido en una emulación sistematizada o una copia desprovista de la implicación profunda con el medio, como la que tiene el

artista y el diseñador, perdiendo la esencia en el intento.

Los diseñadores, como solucionadores transversales de problemas, funcionan como un detector de fallas en el sistema, de espacios de acción y asociación donde encontrar nichos de viabilidad para propuestas sorprendivas o sentidos nuevos. Para este propósito, la incursión de estrategias y métodos artísticos resulta altamente productiva. Dado que la multiplicidad de modos y maneras de exploración que el medio artístico ha desarrollado es inmensa, casi tan amplia como el número de autores, resulta un campo muy exótico a exportar. Pero, además, el mercado premia hacer las cosas de manera que la autoría (individualizada, colectiva o corporativa) aparezca como resultado de un nuevo valor intrínseco que surge de la responsabilidad y el compromiso que establece el autor con el objetivo que busca. En el diseño ocurre de modo similar, aunque la progresiva pérdida de autoría en el diseño acabó evitándole tal responsabilidad con el resultado, acabando con una función fundamental del diseño como compromiso identitario. Así, hemos asistido en el pasado a la absorción de los diseñadores como traductores y no generadores de valor y significado, igual que los artistas en la absorción de cualquier significado ante el mercado. Actualmente podemos observar esa tendencia en la creación de algoritmos o desarrollos donde la responsabilidad autoral se ve licuada en el *corpus* tecnológico del sistema. Pero en realidad, la sociedad demanda compromiso y responsabilidad y por eso busca identificarse con los valores que la marca fomenta y en este sentido la labor signíca será determinante en términos de diseño.



Así, el acercamiento entre disciplinas ante la nueva realidad que se nos presenta se puede anticipar o fomentar por parte del sector productivo, pero será inevitable. Estamos viviendo bajo el cambio constante, la velocidad de las innovaciones es exponencial y no tenemos capacidad biológica para adaptarnos a la velocidad de esos cambios. Hemos experimentado una transformación de la realidad brutal y la sociología teorizó la einsteinización del espacio a través de los medios, y vivimos ya con la ruptura sociocultural del principio de localidad, así como una relocalización del territorio en intervalos de tiempos relativos. Hemos pasado a vivir en un entorno rodeados de más imágenes de objetos que objetos y de más objetos fabricados que los producidos por el medio. Esta circunstancia tiene origen en la evolución de la ciencia y en la suplantación del concepto de sistema

por el concepto de modelo, que se traduce en el cambio del sistema analógico por el modelo digital. En ese abandono de lo real dado, ahora asistimos a un segundo cambio, desde esa desmaterialización digital anterior hacia la rematerialización virtual; la generación de un entorno que hace fungible el gemelo virtual con la realidad material a través de la hiperresolución de las pantallas y dispositivos de visión, la realidad aumentada y la velocidad de interacción a tiempo real del 5G. En este nuevo espacio la realidad de las cosas y las cosas de la realidad entran en un diálogo y se necesita de la contribución especular y reflexiva del arte y de la capacidad mediadora del diseño. Es importante para cualquier sociedad que quiera ser productiva y operativa en términos del manejo de su información, conseguir construir la narrativa de realidad que nos lleve más allá de una pasividad inducida.

Tienes una visión particular de la tecnología, indisoluble con el concepto de creatividad que sostienes.

¿CÓMO DEBE SER EL USO DE LA TECNOLOGÍA Y QUÉ RELACIÓN HA DE TENER CON LA CREATIVIDAD Y LA CIENCIA?

Para mí la tecnología no es un producto de la ciencia y responde a una cultura o, si se quiere, a una cosmovisión determinada. La técnica, la fabricación, antecede al conocimiento científico y desde la comprensión de la técnica desarrollamos una tecnología, de la cual, se deduce conocimiento que luego podemos llamar científico. No es casual que a la ciencia en el sentido moderno le precedan 2000 años de mecánica. Del mismo modo, también podemos ver en la actualidad cómo la relación entre ciencia y tecnología forman un círculo de comprensión que se retroalimenta. La fabricación de instrumentos experimentales nos permite hacer comprobaciones de las que obtenemos conocimiento nuevo y este conocimiento nos permite mejorar o perfeccionar esos instrumentos que, a su vez, vuelven a facultar nuestra comprensión de la realidad más conocimiento, y así constantemente. De algún modo, la tecnología es como nuestra frontera infinita con la realidad.

Para mí, la tecnología es el cociente entre aceleración y rozamiento, entendiendo la aceleración como una perpendicular que define una dimensión inferior y el rozamiento

como la perpendicular que identifica una dimensión superior. Dicho de otra manera, la frontera sensorial que nos permite el conocimiento superficial del medio se ve potenciado por el uso de instrumentos que funcionan como extensión de nuestros sentidos hasta ese contacto frontera; esos instrumentos son mediadores que nos dan una relación diferida de lo que percibimos, transformando nuestra capacidad operativa, funcional y cognoscitiva. Es su uso en cuanto aplicación y nuestra reflexión en el entendimiento de su funcionamiento el que nos sirve de espacio extensivo y comprensivo. Por eso, para mí la circunstancia más extraña que aún tiene nuestra tecnología es su condición hidrofóbica: no funciona bien con el agua, cuando el agua es nuestro medio, la parte principal de nuestro organismo y la unidad de referencia sensorial con la que percibimos. Esta circunstancia de inadecuación tiene las sabidas consecuencias en nuestro entorno, por eso es parte fundamental del problema.

La función del diseño y del arte es crucial. Podemos fijarnos, por ejemplo, en el diseño de los coches. ¿Cuál es el sentido evolutivo, si es que lo tiene, del cambio de las formas en la carrocería? Se puede argumentar que

PARA MÍ LA TECNOLOGÍA NO ES UN PRODUCTO DE LA CIENCIA Y RESPONDE A UNA CULTURA O, SI SE QUIERE, A UNA COSMOVISIÓN DETERMINADA. LA TÉCNICA, LA FABRICACIÓN, ANTECEDE AL CONOCIMIENTO CIENTÍFICO Y DESDE LA COMPRESIÓN DE LA TÉCNICA DESARROLLAMOS UNA TECNOLOGÍA, DE LA CUAL, SE DEDUCE CONOCIMIENTO QUE LUEGO PODEMOS LLAMAR CIENTÍFICO. NO ES CASUAL QUE A LA CIENCIA EN EL SENTIDO MODERNO LE PRECEDAN 2000 AÑOS DE MECÁNICA.

es una cuestión de la aerodinámica, por tanto, de la ingeniería. Es decir, de la búsqueda de la forma frente al rozamiento, que como tendencia estética se reduce a la gota del agua en precipitación, al fluido, al acople con el resto del espacio. El conocimiento estético y su significado nos puede ayudar a dirigir estos diseños más allá de las tendencias y las modas hacia un sentido evolutivo.

Ocurre igual con las televisiones como ventanas, ¿Qué significado tiene que pasar de la caja de tubo de rayos catódicos a aplanar las pantallas, a curvarlas, a eliminar el marco? ¿Por qué tanta inversión en esos detalles?. Se trata de problemas estéticos más que de mejoras tecnológicas intrínsecas. Tienen una profunda relación entre el soporte y lo insoportable. La inmanencia de

la imagen, el envés del espejo, en la animación de lo inanimado. Por eso no debemos obviar la relación entre tecnología y trascendencia y ahí, el diseño y la estética son los campos que exploran el significado de lo que hacemos y por qué lo hacemos. El límite de la planitud de la pantalla frente a la tridimensionalidad tiene efectos rebote en el diseño de las mesas de los noticiarios en los platós televisivos, buscan resolver geométricamente un problema de percepción del espacio. Las implicaciones del diseño van mucho más allá de aspectos formales, se vuelven cruciales para la construcción del medio, del soporte, son extensiones de carácter existencial.

El diseño entiende y estudia cómo toda forma busca una adecuación estructural, para cumplir una función. Tenemos que repensar el objeto como un problema de la adecuación escalar entre lo invisible y lo visible. El arte y el diseño funcionan dentro de claves de creación poética profunda donde podemos recuperar un sentido evolutivo de la tecnología. En ello, el diseño tiene que atender no solo el uso extrínseco de la creación de protocolos e interfaces, sino también poder modular y proyectar funciones reversibles; el arte aporta un vocabulario modal para este fin.

AHORA MISMO ESTÁS TRABAJANDO DESDE SINGAPUR EN DIFERENTES PROYECTOS DE TECNOLOGÍA. ¿PODRÍAS EXPLICAR EN QUÉ CONSISTE ALGUNO DE ELLOS?

Mi relación con las propuestas de tecnología se remonta a mis primeras piezas de arte. En ellas trabajaba en la resolución de problemas técnicos para fines plásticos desde la experimentación con la tecnología de uso doméstico. Viendo las posibilidades tan amplias que esto me permitía, intenté experimentar con el prototipado de previsibles usos y aplicaciones que se podrían realizar y que, por otro lado, no eran difíciles de prever que la industria las generaría pronto. Así, empecé con la exploración de las explosiones de palomitas de maíz como modo para estudiar la formación de cuerpos celestes, los cúmulos y cosas así. La tecnología que utilizaba era la más avanzada a la que un usuario doméstico puede tener acceso: un acelerador de partículas por microondas.

162

163

Paralelamente a esta actividad realicé dentro de mis propuestas plásticas dispositivos para la captura y emisión de las señales cardíacas online, la transmisión de imágenes analógicas a través de fibra óptica, la fabricación de microproyectores, la captura de los movimientos oculares con infrarrojos para controlar dispositivos, la propulsión de aire con frecuencias de sonido, la construcción de lentes con fluidos, sistemas para detectar los movimientos de las plantas, etc. Eran juegos caseros que no pasarían ningún test de viabilidad industrial pero me servían en la búsqueda de esa frontera de lo posible y lo imposible, simples ejercicios de imaginación con lo que ya se podían desarrollar cosas que ahora tenemos en cualquier tienda.

Hubo un momento en el que me di cuenta de que la acción y la intención artística estaba determinada, sino condicionada o, incluso, supeditada por la propia tecnología. Así que decidí que debería intentar cambiar el espacio de acción artístico e intentar repercutir directamente en la técnica, incidir en el estado de la tecnología de varios campos. Así que me empeñé realizar propuestas tecnológicas como parte de un gesto artístico, de una propuesta estética.

Actualmente sigo entendiendo esa intención como una actividad performativa. En Singapur intenté desarrollar y producir mis propias propuestas tecnológicas, de las que espero acaben culminando objetos de mercado. Para a mí es como hacer obras de series ilimitadas, aunque el fin último siga siendo la exploración de posibilidades y fronteras. De estas propuestas muchas están enfocadas en los sistemas y dispositivos de visión e iluminación. Otros desarrollos son aplicaciones informáticas basadas no en la recopilación de información sino en la generación consciente de ella. Hay propuestas de dispositivos para arquitectura, de realidad aumentada. También trabajo en el diseño de sistemas y protocolos neuromórficos de I.A.. Todo ello sigue siendo una propuesta estética o exploración plástica igual que las anteriores, pero desde el diseño del propio dispositivo y de la misma tecnología. Me parece hermoso cambiar algoritmos por ecuaciones, en ellos no existe ética sin estética.



164

165

Ante la tecnologización del mundo, el diseño o el arte han de ser tan críticos con ella como fortalecedores de sus virtudes, para actuar como moderadores, como contrapeso, como filtro. Debemos mediar entre lo humano y lo tecnológico, pero

¿POR QUÉ CREES QUE NOS EMPEÑAMOS EN SEPARAR LO CIENTÍFICO Y LO HUMANÍSTICO CUANDO SUS FUNCIONES CONVERGEN EN SU INTENCIÓN DE CONSTRUIR UN FUTURO MEJOR?

Seguimos intentando mantener los campos del saber asilados porque la fragmentación del trabajo y el conocimiento han devenido en una hiperespecialización que resulta en muchos aspectos muy conveniente, pero para la mejora del futuro se revela como insuficiente. Ante esa hiperespecialización es normal que haya emergido la multidisciplinaridad y la transdisciplinaridad como contrapeso. El arte, el diseño y muchas humanidades, al carecer de funciones específicas, parecen no tener un valor cuantificable. Pero, en el fondo siguen esa máxima de que todo lo que no sirve para nada es importante y, ahora, parece que nos estamos dando cuenta. El siglo XXI arranca con la pretensión del relevo de las ciencias cognitivas y la computación como campo que dirige nuestro conocimiento sobre la física en cuanto disciplina que ha dominado el siglo XX. Este *giro cognitivo* engloba *a priori* muchas más disciplinas de las dos culturas que el paradigma anterior. Aun así, la base del problema es puramente educacional.

La historia de la excisión de arte y ciencia es muy interesante y en la revisión de esta se encuentran las claves para ver el convencionalismo que existe en ella. Cuando C.P. Snow teorizaba en *Las dos culturas* (1959) que uno de los mayores problemas de tradición cultural occidental era la división entre las disciplinas humanística y tecnocientífica, yo creo que nadie, y menos él, podría imaginar que la respuesta postmoderna a modo de solución iba a ser el desastroso movimiento de la vía de *la Tercera Cultura* promovido por John Brockman entre otros científicos y divulgadores. Básicamente, esta vía opta por resolver el problema reemplazando a las humanidades, al pensamiento intelectual y filosófico por el conocimiento técnico. El resultado, creo que no cabe duda, que se está mostrando como catastrófico. Creo que en el futuro habrá un exceso de técnicos y una demanda mayor de pensadores. La solución de problemas complejos requiere visiones multidisciplinarias.



Pablo García Bodaño



166

Presidente e CEO de Tattoo, empresa especializada no equipamento integral de instalacións *contract*, Pablo García-Bodaño é fundador do proxecto Workshop Contract con base en Galicia e coordinador xeral de Plataforma Contract. Licenciado pola ESIC: Business & Marketing School e cun posgrao en Telemática pola UDC e un máster en dirección de empresas e telecomunicacións pola IESIDE, foi responsable MK Internet e Audiovisual en R Cable e traballou no departamento de márketing de Unión Fenosa. Con Tattoo Contract conseguiu gañar o respecto de mercados tan esixentes como o de Qatar, Emiratos Árabes, Arabia Saudita, Kuwait ou Miami.

Desde a súa creación Tattoo caracterizouse pola innovación e o deseño, e apostou sempre polo coñecemento e as industrias que permiten ofrecerlles aos seus clientes novidades, como se advirte en proxectos como un teito de fibra de carbono para o metro de Doha en Qatar ou o *videowall* interactivo máis grande do mundo e con formato curvo realizado para SAR (Saudi Arabian Railway).

QUE CAMBIOU OU PODE CAMBIAR NO ESPAZO DO CONTRACT, EN CLARO SENTIDO ASCENDENTE TRAS ESTA CRISE SANITARIA?

167

Realmente non vexo que cambiase nada, o que si que observo é que se ve fortalecida a canle como tal, entendida como unha canle profesional e de expertos na materia. Polo que puiden compartir con compañeiros e profesionais do sector, todos entendemos que debe existir aínda máis colaboración de principio a fin na cadea, desde o material en orixe, ao empresario transformador ou a quen debe traballar en equipo co arquitecto e interiorista para ofrecerlles a mellor das solucións aos clientes. Doutra banda, fálase moito do cambio en canto aos materiais que se van a utilizar, pero realmente se había un cambio este xa estaba en camiño e todo o relativo á COVID-19 o que fixo é acelerar este proceso.

QUE POSIBILIDADES E DIFICULTADES SE ABREN NA RELACIÓN DAS MARCAS GALEGAS DO SECTOR RESPECTO Á SÚA EXPANSIÓN INTERNACIONAL?

Como toda crise, e esta é unha delas —sanitaria e económica—, é un momento de oportunidades. E os galegos sempre somos moi de sentidiño e de aproveitar as oportunidades. Polo que como resposta a esta pregunta e por experiencia propia, opino que é unha boa oportunidade para darnos conta de que se queremos ser fortes na nosa traxectoria internacional, este é un bo momento para selo, traballando en equipo e poñendo en valor as sinerxías entre empresas para saír ao exterior.

DEBE EXISTIR AÍNDA MÁIS COLABORACIÓN DE PRINCIPIO A FIN NA CADEA, DESDE O MATERIAL EN ORIXE, AO EMPRESARIO TRANSFORMADOR OU A QUEN DEBE TRABALLAR EN EQUIPO CO ARQUITECTO E INTERIORISTA PARA OFRECERLLES A MELLOR DAS SOLUCIÓNS AOS CLIENTES.

Recentemente inaugurastes un centro de innovación de novos materiais para o *contract* no polígono de Alvedro na cidade da Coruña. Neste organizanse talleres, presentacións de materiais e produtos, solucións audiovisuais...

CALES CRES QUE SON OS RETOS QUE DEBEMOS AFRONTAR NO CAMPO DA INNOVACIÓN E NO DA SUSTENTABILIDADE E CALES SON AS TENDENCIAS QUE CONSIDERAS INDISPENSABLES NESTE SENTIDO?

coherente y consistente, y como decíamos en la primera pregunta eso es lo que todos, como ciudadanos y audiencia de las marcas seguramente valoraremos más. De hecho no se trata de fijar una «filosofía» o unos «valores» predefinidos —que en muchas ocasiones era copia de lo que hacían los demás— si no de hacer las cosas como crees que deben hacerse, y así, teniendo esa «manera de hacer» podrás ir respondiendo a los problemas que surjan, que serán muchos y variados.



COMO
PROFESIONAIS DA
COMUNICACIÓN
TEMOS QUE
FORMAR UN
TÁNDEM COA
INDUSTRIA
E PENSAR EN
CLAVE SOCIAL.

Roberto
Núñez



Referente no ámbito da comunicación e o deseño de España, Roberto Núñez é un director creativo que traballa a estratexia e innovación, a comunicación publicitaria, o *branding*, o *packaging*, así como o *márketing* dixital desde o seu estudo de Barcelona. No seu portfolio de traballo conta con proxectos realizados para marcas como Carolina Herrera, Volkswagen, McDonald's, Cola Cao, Aguas de Mondariz, Davide, La Caixa, Xunta de Galicia ou Turisme de Catalunya.

Roberto Núñez é o primeiro galego que recibe un dos grandes premios do prestixioso festival internacional de deseño de *packaging* de produto Pentawards. No mesmo ano



gañou un Pentawards de Platinum, o premio inglés D&AD, os Communication Arts americanos e con recoñecementos recibidos nos Graphis de Nova York, nos premios nacionais Laus ou nos Premios Paraugas, organizados polo Cluster de Comunicación de Galicia. Todo iso súmase a outros moitos premios conseguidos na súa traxectoria, como os premios Eficacia ou en El Sol — Festival Iberoamericano de Comunicación Publicitaria.

201

O proxecto de *rebranding* e o deseño de *packaging* realizado para o viño «Perfeccionista» de Bodega Davide (D.O. Rías Baixas) vai camiño de ser un dos *packaging* galegos máis premiados da historia do deseño español. A estratexia, o deseño sofisticado, a creatividade e a innovación no sector *Premium* foi a clave para outorgarlle o gran premio do festival Pentawards, un *Platinum* sendo o «Best of the Luxury», ou o que é o mesmo, ser recoñecido como o mellor proxecto do ano entre *fine wines*, champaña, *gourmet food*, perfumes, bebidas espirituosas, *make up*, *body care* e *beauty products*.

QUE TENDENCIAS OU
NECESIDADES CONSIDERAS
CLAVES PARA AVANZAR
NO MUNDO PREMIUM NUN
MOMENTO DE CRISE A VARIOS
NIVEIS COMO O ACTUAL?

Vimos dun pasado no que, para algunhas marcas, os acabados, os materiais, o bo uso da tipografía e o valor histórico podían ser suficientes para seducir o consumidor. Hoxe en día, a pesar de que os avances tecnolóxicos multiplicaron as posibilidades, o consumidor fala outro idioma. O deseño é fundamental, pero faise necesario ir máis alá e construír outro tipo de propostas de valor ao redor do concepto de experiencia. As marcas que entenden a importancia que ten xerar vínculos e relacións co seu *target* sitúanse rapidamente na mente do consumidor, co que implica no ámbito dos resultados. O proxecto de *rebranding* e o cambio de *packaging* que realizamos a Bodega Davide é un caso que nos axuda a exemplificar que tamén no mundo *Premium* é determinante buscar outros camiños que axuden a construír un valor emocional ao redor das marcas. A pesar de que vimos dunha crise, e estamos noutra, o mundo *Premium* é máis accesible ca nunca, o concepto de «sibarita» limitado a uns poucos é cousa do pasado. Gústanos premiarnos de cando en vez, e iso creo que non cambiará por moitas crises que veñan. Doutra banda, temos a tendencia do luxo accesible que vén sumar na mesma dirección. O seu crecemento non deixa de aumentar.

Nesta dinámica é determinante afrontar a construción de marca máis ca nunca desde a estratexia e a creatividade, e non caer na tentación das modas, no oportunismo e en territorios comúns. Vivimos nunha sociedade de consumo onde todo é efémero, onde a novidade

moitas veces destrona o clásico e establecido, pero o éxito pivotará no equilibrio entre esta realidade e a que hai de fondo, que a personalidade das marcas se forxa a longo prazo e que, polo tanto, nunca hai que infravalorar a intelixencia do consumidor. Non vale todo, temos memoria. As persoas só incluírán de verdade nas súas vidas aquelas marcas honestas, valentes, social e ambientalmente responsables e que transcendan do convencional.


ESTES NOVOS TEMPOS AVECIÑAN NOVAS DEMANDAS...

Entusiásmame o presente e a revolución silenciosa que aos poucos está a cambiar o mundo da alimentación, a droguería, a hixiene ou a beleza, por citar tan só algúns sectores. O *smart packaging* xa está aquí. O abaratamento dos sensores e o uso de diferentes tecnoloxías permitíranos cambiar para sempre a forma na que relacionaremos as marcas e os produtos cos consumidores. Tamén me parece crucial a transformación social que estamos a vivir, o paso de «posuír a gozar». O sentido de pertenza está a diluírse aos poucos polas novas aspiracións do consumidor. A suma de experiencias, a novidade e o agora, terá máis valor que a adquisición de bens duradeiros. O taboleiro de xogo está a cambiar e o mundo *Premium* non será alleo a esta transformación. A innovación, a creatividade e a anticipación serán como sempre o que determinará en boa medida o éxito.

202

203

O DESEÑO É FUNDAMENTAL, PERO FAISE NECESARIO IR MÁIS ALÁ E CONSTRUIR OUTRO TIPO DE PROPOSTAS DE VALOR AO REDOR DO CONCEPTO DE EXPERIENCIA.



Outra demanda para ter moi en conta e que abre moitas posibilidades é o valor da proximidade. Porque a exclusividade, a artesanía e a edición limitada van da man e se se lle suma o compoñente local, a ecuación non ten rival. Cada vez valoramos máis o produto de proximidade, pero a tecnoloxía permitíranos potenciar, achegar e desfacer fronteiras. A mestura entre ambos os mundos axudará a construír propostas de valor inimaxinables para moitos e desexables para case todos. Outra tendencia que seguirá crescendo con forza é a asociación entre marcas ou *co-branding*, as edicións limitadas que lle permitan ao consumidor gozar de experiencias sorprendentes entre marcas afíns. E a saúde e sustentabilidade: todos sabemos que estamos inmersos na revolución eco.

NESTE MOMENTO DE EUFORIA TECNOLÓGICA. QUE IMPORTANCIA AUGURAS QUE PARA AS MARCAS TEÑEN OU TERÁN INTERNET E AS REDES SOCIAIS? QUE CAMBIOS OBSERVAS A PARTIR DA IRRUPCIÓN DA COVID-19?

A crise acelerou a transformación dixital das empresas. Ás que non o tomaron de todo en serio, custaralles asumir o cambio co grao de reacción necesario. O mesmo sucede coas persoas, os poucos que se resistían a comprar en liña seguramente xa están en perigo de extinción. Porque a pandemia está a marcar un punto de inflexión e oportunidades en moitos sentidos. O confinamento, por exemplo, disparou o valor e interese nunha rede social como TikTok, que a través da intelixencia artificial, o vídeo e a música abriu novas oportunidades para conectar emocionalmente co consumidor desde o entretemento. A incursión de novas ferramentas de medición tamén potenciará o ecosistema actual. O *Big Data* e a programática seguirán gañando terreo e transformando a maneira na que nos comunicamos cos usuarios, o que multiplicará as posibilidades para ofrecer experiencias de valor concretas, personalizadas, segmentadas e interactivas. Faise máis importante que nunca ser valentes e áxiles, e introducir nas estratexias de márketing, os medios e canles adecuados para buscar a diferenciación.

A publicidade e a industria do deseño seguirá sendo líquida, evolutiva, transformadora. A crise potenciará e acelerará a implantación de tecnoloxías e dinámicas que xa estaban aí. Pero as ferramentas seguirán estando a mercé da creatividade, que é o que transforma o mundo.



204


205

CRES QUE TRAS ESTA CRISE SE IMPOÑERÁ DEFINITIVAMENTE UN MODELO MÁIS SUSTENTABLE OU RESPONSABLE? CRES QUE CAMBIARÁ A NOSA MANEIRA DE TRABALLAR E, NO TEU CASO, DE CONSTRUIR MARCAS?

Estou convencido de que será o motor que nos permita ter unha nova oportunidade para salvar o mundo enfermo no que vivimos. As marcas han de camiñar nesa dirección, do mesmo xeito que as persoas, pasando dos xestos pouco cribles para incluír no seu ADN un compoñente social que nos axude a avanzar como sociedade. Como profesionais da comunicación temos que formar un tándem coa industria e pensar en clave social. O consumidor saberá valorar.

No meu caso seguirei na mesma liña de sempre, traballando con normalidade desde Barcelona, usando

a videoconferencia como ata o de agora con moitos clientes. A distancia é un freo mental. O importante é con quen falas e traballas. No que respecta á proposta de valor, tampouco cambiará, seguiremos traballando na construción de marca da mesma forma, deixándonos a pel en axudar a construír relacións de valor co consumidor, a través da estratexia, a creatividade e o deseño. Ao final, o desenvolvemento de marcas é unha carreira de fondo, hai que focalizar o camiño para seguir, anticiparse aos cambios, crer nun mesmo, e pensar que a creatividade sempre será a mellor ferramenta para conectar co consumidor.



206

207

Referente en el ámbito de la comunicación y el diseño de España, Roberto Núñez es un director creativo que trabaja la estrategia e innovación, la comunicación publicitaria, el *branding*, el *packaging*, así como el *marketing* digital desde su estudio de Barcelona. En su portfolio de trabajo cuenta con proyectos realizados para marcas como Carolina Herrera, Volkswagen, McDonald's, Cola Cao, Aguas de Mondariz, Davide, La Caixa, Xunta de Galicia o Turisme de Catalunya. Roberto Núñez es el primer gallego que recibe uno de los grandes premios del prestigioso festival internacional de diseño de *packaging* de producto Pentawards, ganando en un mismo año un Pentawards de *Platinum*, el premio inglés D&AD, los Communication Arts americanos y con reconocimientos recibidos en los Graphis de Nueva York, en los premios nacionales Laus, o entre otros, en los Premios Paraugas organizados por el Cluster de Comunicación de Galicia. Todo ello se suma a otros muchos premios conseguidos en su trayectoria, como los premios Eficacia o en El Sol — Festival Iberoamericano de Comunicación Publicitaria.

LA PUBLICIDAD Y LA INDUSTRIA DEL DISEÑO SEGUIRÁ SIENDO LÍQUIDA, EVOLUTIVA, TRANSFORMADORA. LA CRISIS POTENCIARÁ Y ACELERARÁ LA IMPLANTACIÓN DE TECNOLOGÍAS Y DINÁMICAS QUE YA ESTABAN AHÍ. PERO LAS HERRAMIENTAS SEGUIRÁN ESTANDO A MERCED DE LA CREATIVIDAD, QUE ES LO QUE TRANSFORMA EL MUNDO.

El proyecto de *rebranding* y el diseño de *packaging* realizado para el vino Perfeccionista de Bodega Davide (D.O. Rías Baixas) va camino de ser uno de los *packaging* gallegos más premiados de la historia del diseño español. La estrategia, el diseño sofisticado, la creatividad y la innovación en el sector *Premium* fue la clave para otorgarle el gran premio del festival Pentawards, un *Platinum*, siendo el *Best of the Luxury*, o lo que es lo mismo, ser reconocido como el mejor proyecto del año entre *fine wines*, *champagne*, *gourmet food*, perfumes, bebidas espirituosas, *make up*, *body care* y *beauty products*.

¿QUÉ TENDENCIAS O NECESIDADES CONSIDERAS CLAVES PARA AVANZAR EN EL MUNDO PREMIUM EN UN MOMENTO DE CRISIS A VARIOS NIVELES COMO EL ACTUAL?

Venimos de un pasado en el que, para algunas marcas, los acabados, los materiales, el buen uso de la tipografía y el valor histórico podían ser suficientes para seducir al consumidor. Hoy en día, a pesar de que los avances tecnológicos han multiplicado las posibilidades, el consumidor habla otro idioma. El diseño es fundamental, pero se hace necesario ir más allá y construir otro tipo de propuestas de valor alrededor del concepto de experiencia. Las marcas que entienden la importancia que tiene generar vínculos y relaciones con su *target* se posicionan rápidamente en la mente del consumidor, con lo que implica a nivel de resultados. El proyecto de *rebranding* y el cambio de *packaging* que realizamos a Bodega Davide es un caso que nos ayuda a ejemplificar que también en el mundo *Premium* es determinante buscar otros caminos que ayuden a construir un valor emocional alrededor de las marcas. A pesar de que venimos de una crisis, y estamos en otra, el mundo *Premium* es más accesible que nunca, el concepto de «sibarita» limitado a unos pocos es

cosa del pasado. Nos gusta premiarnos de vez en cuando, y eso creo que no cambiará por muchas crisis que vengan. Por otro lado, tenemos la tendencia del lujo accesible que viene a sumar en la misma dirección. Su crecimiento no deja de aumentar.

En esta dinámica es determinante afrontar la construcción de marca más que nunca desde la estrategia y la creatividad, no cayendo en la tentación de las modas, en el oportunismo y en territorios comunes. Vivimos en una sociedad de consumo donde todo es efímero, donde la novedad muchas veces destrona a lo clásico y establecido, pero el éxito pivotará en el equilibrio entre esta realidad y la que hay de fondo, que la personalidad de las marcas se forja a largo plazo, y que por tanto nunca hay que infravalorar la inteligencia del consumidor. No vale todo; tenemos memoria. Las personas solo incluirán de verdad en sus vidas a aquellas marcas honestas, valientes, social y medioambientalmente responsables y que trasciendan de lo convencional.

ESTOS NUEVOS TIEMPOS AVECINAN NUEVAS DEMANDAS...

Me entusiasma el presente y la revolución silenciosa que poco a poco está cambiando el mundo de la alimentación, la droguería, la higiene o la belleza, por citar tan solo algunos sectores. El *Smart packaging* ya está aquí. El abaratamiento de los sensores y el uso de diferentes tecnologías nos permitirá cambiar para siempre la forma en la que relacionaremos las marcas y los productos con los consumidores. También me parece crucial la transformación social que estamos viviendo, el paso de «poseer a disfrutar». El sentido de pertenencia se está diluyendo poco a poco por las nuevas aspiraciones del consumidor. La suma de experiencias, la novedad y el ahora, tendrá más valor que la adquisición de bienes duraderos. El tablero de juego está cambiando y el mundo *Premium* no será ajeno a

esta transformación. La innovación, la creatividad y la anticipación serán como siempre lo que determinará en buena medida el éxito.

Otra demanda a tener muy en cuenta y que abre muchas posibilidades es el valor de la proximidad. Porque la exclusividad, la artesanía y la edición limitada van de la mano y si se le suma el componente local, la ecuación no tiene rival. Cada vez valoramos más el producto de proximidad, pero la tecnología nos permitirá potenciar, acercar y desdibujar fronteras. El mix entre ambos mundos ayudará a construir propuestas de valor inimaginables para muchos y deseables para casi todos. Otra tendencia que seguirá creciendo con fuerza es la asociación entre marcas o *co-branding*, las ediciones limitadas que permitan al consumidor disfrutar de experiencias sorprendentes entre marcas afines. Y la salud y sostenibilidad, todos sabemos que estamos inmersos en la revolución eco.

LA EXCLUSIVIDAD, LA ARTESANÍA Y LA EDICIÓN LIMITADA VAN DE LA MANO Y SI SE LE SUMA EL COMPONENTE LOCAL, LA ECUACIÓN NO TIENE RIVAL. CADA VEZ VALORAMOS MÁS EL PRODUCTO DE PROXIMIDAD, PERO LA TECNOLOGÍA NOS PERMITIRÁ POTENCIAR, ACERCAR Y DESDIBUJAR FRONTERAS.

EN ESTE MOMENTO DE EUFORIA TECNOLÓGICA ¿QUÉ IMPORTANCIA AUGURAS QUE PARA LAS MARCAS TIENEN O TENDRÁN INTERNET Y LAS REDES SOCIALES? ¿QUÉ CAMBIOS OBSERVAS A PARTIR DE LA IRRUPCIÓN DE LA COVID-19?

La crisis ha acelerado la transformación digital de las empresas. A las que no se lo habían tomado del todo en serio, les costará asumir el cambio con el grado de reacción necesario. Lo mismo sucede con las personas, los pocos que se resistían a comprar *online* seguramente ya están en peligro de extinción. Porque la pandemia está marcando un punto de inflexión y oportunidades en muchos sentidos. El confinamiento, por ejemplo, ha disparado el valor e interés en una red social como TikTok, que a través de la inteligencia artificial, el vídeo y la música ha abierto nuevas oportunidades para conectar emocionalmente con el consumidor desde el entretenimiento. La incursión de nuevas herramientas de medición también potenciará el ecosistema actual. El *Big Data* y la programática seguirán ganando terreno y transformando la manera en la que nos comunicamos con los usuarios, lo que multiplicará las posibilidades para ofrecer experiencias de valor concretas, personalizadas, segmentadas e interactivas. Se hace más importante que nunca ser valientes y ágiles, e introducir en las estrategias de *marketing*, los medios y canales adecuados para buscar la diferenciación.

La publicidad y la industria del diseño seguirá siendo líquida, evolutiva, transformadora. La crisis potenciará y acelerará la implantación de tecnologías y dinámicas que ya estaban ahí. Pero las herramientas seguirán estando a merced de la creatividad, que es lo que transforma el mundo.

210

211




¿CREES QUE TRAS ESTA CRISIS SE IMPONDRÁ DEFINITIVAMENTE UN MODELO MÁS SOSTENIBLE O RESPONSABLE? ¿CREES QUE CAMBIARÁ NUESTRA MANERA DE TRABAJAR Y, EN TU CASO, DE CONSTRUIR MARCAS?

Estoy convencido de que será el motor que nos permita tener una nueva oportunidad para salvar el mundo enfermo en el que vivimos. Las marcas han de caminar en esa dirección, al igual que las personas, pasando de los gestos poco creíbles a incluir en su ADN un componente social que nos ayude a avanzar como sociedad. Como profesionales de la comunicación tenemos que formar un tándem con la industria y pensar en clave social. El consumidor lo sabrá valorar.

En mi caso seguiré en la misma línea de siempre, trabajando con normalidad desde Barcelona, usando

la videoconferencia como hasta ahora con muchos clientes. La distancia es un freno mental. Lo importante es con quien hablas y trabajas. En lo que respecta a la propuesta de valor, tampoco cambiará, seguiremos trabajando en la construcción de marca de la misma forma, dejándonos la piel en ayudar a construir relaciones de valor con el consumidor, a través de la estrategia, la creatividad y el diseño. Al final, el desarrollo de marcas es una carrera de fondo, hay que focalizar el camino a seguir, anticiparse a los cambios, creer en uno mismo, y pensar que la creatividad siempre será la mejor herramienta para conectar con el consumidor.



Iván Mato

213


Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela e Premio Fin de Carreira da Xunta de Galicia, Iván Mato obtivo unha bolsa da Fundación Barrié e é MA Graphic Design do London College of Communication. Actualmente é director creativo de Jones Knowles Ritchie en Londres. Traballou en consultorías de marca como Forpeople, Start JG, Interbrand, Safron, e OPX; en Nokia Design; e en Santiago de Compostela, en Ombretta etc. Entre outros, Ivan Mato desenvolveu proxectos de creación ou desenvolvemento da marca para NIO, The UK National Lottery, AB InBev, Mars INC., Yamaha, Nokia, Intercontinental Hotels Group, Apollo Tyres, Siemens, Deutsche Bank, Panasonic ou a Universidade de Santiago de Compostela. O seu traballo foi premiado por D&AD, Clio Awards, Type Directors Club e Art Directors Club New York, Red Dot Design Awards e AIGA.

212

PREOCÚPAME A IDEA DO
«DISTANCIAMENTO» NO
DESEÑO, PORQUE CREO
QUE O DESEÑO É MELLOR
CANTO MÁIS PRETO ESTÁ
DA XENTE, ASÍ QUE É A
NOSA RESPONSABILIDADE
ATOPAR MANEIRAS NOVAS
DE ACHEGARNOS Á XENTE E
AOS SEUS PROBLEMAS NESTA
NOVA REALIDADE.

É un pioneiro do *Agile Brand Development* e un convencido da mellora continua do proceso de deseño a través da participación do usuario final, a colaboración co cliente e os enfoques multidisciplinares.

CALES SON AS CLAVES PARA TI DUN PROCESO DE DESEÑO?, DEBEN CAMBIAR EN ALGO NESTA ERA POS-COVID QUE COMEZA?, AFECTARÁ A NOSA MANEIRA DE VER E ENTENDER O DESEÑO OU A MANEIRA DE DESEÑAR?



O proceso de deseño é unha combinación de tres actividades interconectadas e interdependentes: pensar/crear/distribuír. Non ocorren dunha forma lineal, senón máis ben como un bucle, un círculo virtuoso de mellora continua. Pensar é a fase estratéxica e intelectual: analizar o problema, falar coa xente, escoitala, observar a cultura e o momento, as tendencias, predicir o futuro... Crear é debuxar, escribir, solucionar: é o momento máxico no que usamos todas as ferramentas ao noso alcance para crear identidade, comunicar, vender...; Distribuír é facer o proxecto realidade. Moitas das frustracións dos deseñadores son o resultado de non entender como rematar un proxecto: entregalo ao mundo, vendelo, presentalo, ilusionar a xente con el. Encántanos vivir na nosa burbulla de deseño, pero dámos preguiza facer ese último esforzo final. Pero sen ese esforzo todo o demais é en balde. Debémolos aos proxectos.



Durante o proceso de pensar/crear/distribuír é fundamental a conexión co cliente e cos usuarios finais. A clave dun proceso de deseño é considerar en todo momento as motivacións e as necesidades dese triángulo equilátero: deseñador—cliente—usuario. En canto ao impacto da COVID-19, creo que no medio dunha crise adoitamos esaxerar o impacto real que vai ter. As grandes macrotendencias e cambios na realidade do deseño estaban xa en marcha. A pandemia fará que se aceleren. En calquera caso, creo que a resposta da comunidade global do deseño á pandemia foi algo extraordinario. Centos de proxectos puxéronse en marcha para axudar a xente e a súa saúde física e mental. En canto a se afectará a nosa maneira de deseñar, preocúpame a idea do «distanciamento» no deseño, porque creo que o deseño é mellor canto máis preto está da xente, así que é a nosa responsabilidade atopar maneiras novas de achegarnos á xente e aos seus problemas nesta nova realidade.


COMO PODEN AFECTAR ESTES CAMBIOS OU PUNTO DE INFLEXIÓN GLOBAL A PERCEPCIÓN DOS PRODUTOS E AS MARCAS?, CRES QUE TRAS ESTA CRISE SE IMPOÑERÁ UN MODELO MÁIS SUSTENTABLE OU RESPONSABLE?, MÁIS TECNOLÓXICO?

As marcas van ser xulgadas máis polo que fan e menos polo que din. É hora de que empecemos a comprar con base na contribución neta que as empresas lle fan á humanidade, máis que por estupideces corporativas ou artificios de marca. Tivemos anos de falar do «propósito» dunha marca, do «porqué» dunha marca... A pandemia puxo a todo o mundo no seu lugar, e separou o po da palla e os lingoreiros dos transformadores. Espero que non nos esquezamos de quen estivo á altura e quen non.

Creo que, a curto prazo, o modelo se obsesionara con volver á senda do crecemento e recuperarse das perdas, e para iso queimar todo o combustible

AS MARCAS VAN SER XULGADAS MÁIS POLO QUE FAN E MENOS POLO QUE DIN. É HORA DE QUE EMPECEMOS A COMPRAR CON BASE NA CONTRIBUCIÓN NETA QUE AS EMPRESAS LLE FAN Á HUMANIDADE, MÁIS QUE POR ESTUPIDECES CORPORATIVAS OU ARTIFICIOS DE MARCA. TIVEMOS ANOS DE FALAR DO «PROPÓSITO» DUNHA MARCA, DO «PORQUÉ» DUNHA MARCA... A PANDEMIA PUXO A TODO O MUNDO NO SEU LUGAR, E SEPAROU O PO DA PALLA E OS LINGORETEIROS DOS TRANSFORMADORES. ESPERO QUE NON NOS ESQUEZAMOS DE QUEN ESTIVO Á ALTURA E QUEN NON.

fósil que sexa necesario. A medio prazo, seguirá a transición cara a unha sustentabilidade radical, absolutamente necesaria para a nosa supervivencia. Si creo que a COVID-19 acelerará a transformación dixital. No noso caso vímolos co establecemento do traballo remoto, e cos nosos clientes é moi visible no campo do comercio electrónico. Ata o negocio máis pequeno acabará vendendo por Internet.



CRES QUE O DESEÑADOR ACTUAL HA DE CONVERTERSE AÍND A MÁIS NUN MEDIADOR TRANSVERSAL OU QUE, POLA CONTRA, A ESPECIFICIDADE NO CAMPO DO DESEÑO SAIRÁ REFORZADA?

217

Nós preferimos contratar a «persoas do renacemento»: versátiles e con varios talentos, con capacidade de aprendizaxe e un enfoque multidisciplinar, que teñan máis dunha maneira de enfocar un problema e solucionalo facendo encaixar as pezas. E traballamos con *freelancers* especialistas cando o necesitamos. Persoalmente sempre crin que a mestura perfecta é o que ás veces se denominan «os deseñadores con forma de T». A barra horizontal da T é a capacidade de operar en varias disciplinas, saber un pouco de todo e poder colaborar con outros profesionais doutras disciplinas. A barra vertical da T simboliza o ter profundidade de coñecemento en algo en concreto, a túa paixón e especialidade. A mestura correcta de transversalidade e profundidade é a receita do éxito.



Licenciado en Ciencias de la Información por la Universidade de Santiago de Compostela y Premio Fin de Carrera de la Xunta de Galicia, Iván Mato ha sido becado por la Fundación Barrié y es MA Graphic Design del London College of Communication. Actualmente es Director Creativo de Jones Knowles Ritchie en Londres. Ha trabajado en consultorías de marca como Forpeople, Start JG, Interbrand, Saffron y OPX; en Nokia Design; y en Santiago de Compostela en Ombretta, etc. Entre otros, Iván Mato ha desarrollado proyectos de creación o desarrollo de marca para NIO, The UK National Lottery, AB InBev, Mars Inc., Yamaha, Nokia, Intercontinental Hotels Group, Apollo Tyres, Siemens, Deutsche Bank, Panasonic o la Universidad de Santiago de Compostela. Su trabajo ha sido premiado por D&AD, Clio Awards, Type Directors Club y Art Directors Club New York, Red Dot Design Awards y AIGA.

Eres un pionero del *Agile Brand Development* y un convencido de la mejora continua del proceso de diseño a través de la participación del usuario final, la colaboración con el cliente y los enfoques multidisciplinares.

¿CUÁLES SON LAS CLAVES PARA TI DE UN PROCESO DE DISEÑO?, ¿DEBEN CAMBIAR EN ALGO EN ESTA ERA POS-COVID QUE ARRANCA?, ¿AFECTARÁ A NUESTRA MANERA DE VER Y ENTENDER EL DISEÑO O A LA MANERA DE DISEÑAR?

El proceso de diseño es una combinación de tres actividades interconectadas e interdependientes: Pensar/Crear/Distribuir. No ocurren de una forma lineal, sino más bien como un bucle, un círculo virtuoso de mejora continua. Pensar es la fase estratégica e intelectual; analizar el problema, hablar con la gente, escucharla, observar la cultura y el momento, las tendencias, predecir el futuro... Crear es dibujar, escribir, solucionar; es el momento mágico en el que usamos todas las herramientas a nuestro alcance para crear identidad, comunicar, vender... Distribuir es hacer el proyecto realidad. Muchas de las frustraciones de los diseñadores son el resultado de no entender cómo rematar un proyecto: entregarlo al mundo, venderlo, presentarlo, ilusionar a la gente con él. Nos encanta vivir en nuestra burbuja de diseño, pero nos da pereza hacer ese último esfuerzo final. Pero sin ese esfuerzo todo lo demás es en vano. Se lo debemos a los proyectos.


Durante el proceso de Pensar/ Crear/Distribuir es fundamental

la conexión con el cliente y con los usuarios finales. La clave de un proceso de diseño es considerar en todo momento las motivaciones y las necesidades de ese triángulo equilátero: diseñador—cliente—usuario. En cuanto al impacto de la COVID-19, creo que en medio de una crisis solemos exagerar el impacto real que va a tener. Las grandes macrotendencias y cambios en la realidad del diseño estaban ya en marcha. La pandemia hará que se aceleren. En cualquier caso, creo que la respuesta de la comunidad global del diseño a la pandemia ha sido algo extraordinario. Cientos de proyectos se han puesto en marcha para ayudar a la gente y a su salud física y mental. En cuanto a si afectará a nuestra manera de diseñar, me preocupa la idea del «distanciamiento» en el diseño, porque creo que el diseño es mejor cuanto más cerca está de la gente, así que es nuestra responsabilidad encontrar maneras nuevas de acercarnos a la gente y sus problemas en esta nueva realidad.

218

219

¿CÓMO PUEDEN AFECTAR ESTOS CAMBIOS O PUNTO DE INFLEXIÓN GLOBAL A LA PERCEPCIÓN DE LOS PRODUCTOS Y LAS MARCAS?, ¿CREEES QUE TRAS ESTA CRISIS SE IMPONDRÁ UN MODELO MÁS SOSTENIBLE O RESPONSABLE?, ¿MÁS TECNOLÓGICO?



Las marcas van a ser juzgadas más por lo que hacen y menos por lo que dicen. Es hora de que empecemos a comprar en base a la contribución neta que las empresas hacen a la humanidad, más que por estupideces corporativas o artificios de marca. Hemos tenido años de hablar del «propósito» de una marca, del «por qué» de una marca... La pandemia ha puesto a todo el mundo en su lugar, separando el polvo de la paja y los charlatanes de los transformadores. Espero que no nos olvidemos de quién estuvo a la altura y quién no.



Creo que, a corto plazo, el modelo se obsesionará con volver a la senda del crecimiento y recuperarse de las pérdidas, quemando para ello todo el combustible fósil que sea necesario. A medio plazo, seguirá la transición hacia una sostenibilidad radical, absolutamente necesaria para nuestra supervivencia. Sí creo que la COVID-19 acelerará la transformación digital. En nuestro caso lo hemos visto con el establecimiento del trabajo remoto y con nuestros clientes es muy visible en el campo del comercio electrónico. Hasta el negocio más pequeño acabará vendiendo por Internet.

220

CREO QUE EN MEDIO DE UNA CRISIS SOLEMOS EXAGERAR EL IMPACTO REAL QUE VA A TENER. LAS GRANDES MACROTENDENCIAS Y CAMBIOS EN LA REALIDAD DEL DISEÑO ESTABAN YA EN MARCHA. LA PANDEMIA HARÁ QUE SE ACELEREN.

221

¿CREEES QUE EL DISEÑADOR ACTUAL HA DE CONVERTIRSE TODAVÍA MÁS EN UN MEDIADOR TRANSVERSAL O QUE, POR EL CONTRARIO, LA ESPECIFICIDAD EN EL CAMPO DEL DISEÑO SALDRÁ REFORZADA?

Nosotros preferimos contratar a «personas del Renacimiento»: versátiles y con varios talentos, con capacidad de aprendizaje y un enfoque multidisciplinar, que tengan más de una manera de enfocar un problema y solucionarlo haciendo encajar las piezas. Y trabajamos con *freelancers* especialistas cuando lo necesitamos. Personalmente siempre he creído que la mezcla perfecta es lo que a veces se denominan «los diseñadores con forma de T». La barra horizontal de la T es la capacidad de operar en varias disciplinas, saber un poco de todo y poder colaborar con otros profesionales de otras disciplinas. La barra vertical de la T simboliza el tener profundidad de conocimiento en algo en concreto, tu pasión y especialidad. La mezcla correcta de transversalidad y profundidad es la receta del éxito.

Coca Rivas



Coca Rivas, diseñadora galega de nacemento, é actualmente a directora de deseño estratéxico e de servizos da consultora dxw, especializada no sector público. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, traballou para o goberno inglés como diseñadora de experiencia de usuario para portais Web e como xestora en proxectos de transformación dixital que foron a semente do que hoxe é un dos espazos dixitais máis recoñecidos internacionalmente: gov.uk. Contribuíu ao desenvolvemento de estándares actuais para os servizos ao cidadán e liderou procesos de transformación dixital en diversos ámbitos da administración pública. Foi xurado dos Premios Nacionais de Innovación e de Deseño 2019 e é membro do Grupo de Traballo de Deseño como ferramenta potenciadora da innovación no Sector Público. Promovido pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades 2019.

222

223

Es boa coñecedora do impacto dos medios dixitais no deseño de servizos para o cidadán, sobre todo pola experiencia de traballar durante anos para a estratexia dixital do goberno no Reino Unido. Agora que o importante se volveu urxente para a sociedade en termos dixitais,

CALES CRES QUE SON OS PASOS QUE SE DEBEN SEGUIR NESTE CAMPO?

A aceleración da transformación dixital é inevitable e necesaria. Non é un proceso lineal, pero debe atacarse desde varias fronteiras. Por unha banda, está o redeseño ou a creación de novos servizos adaptados á era dixital. Por outro, o aumento do escrutinio do gasto en tecnoloxía e avaliación da calidade dos proxectos tecnolóxicos.

Da miña experiencia no Reino Unido, no equipo de transformación dixital en GDS (Government Digital Service), podo destacar algunhas claves:

- **A existencia dun mandato centralizado e unha estratexia precisa:** un mandato de cambio e transformación para todo o goberno e non para un só departamento e unha estratexia accionable, liderada por expertos con experiencia no sector dixital.
- **Unha información clara que facilita o acceso aos servizos cidadáns:** porque no que respecta ao deseño de servizos, a información debe ser esencial, con contidos claros, correctos e que o cidadán do común poida atopar facilmente e entender. Un exemplo actual é a comunicación en

resposta á COVID-19. A crise global exacerbou cambios regulatorios no ámbito local, rexional e transnacional, e acelerou a necesidade de implantar rapidamente novas normas, pero a información oficial sobre estas normas na maioría dos casos é incomprensible ou difícil de atopar, e en moitos casos é información que recibimos a través da prensa ou medios informativos privados, en ocasións de maneira incorrecta ou pagando por acceder. A información do goberno debe ser clara e accesible para os seus cidadáns; é un dereito; non é un privilexio.

- **A mellora dos trámites administrativos máis comúns de gran volume:** á parte de que a información estea ao día, hai moitos procesos administrativos —trámites como, por exemplo, pedir ou cambiar unha cita, ou renovar ou rexistrarse para recibir unha prestación— que son transaccións comúns de gran volume e bos candidatos para ser transformados dixitalmente, mellorando a experiencia do cidadán e evitando ir ao portelo para esperar colas, o que ten un gran potencial á hora de economizar e facilitar a xestión.
- **Estandarizar a captura de datos e a experiencia do servizo:** trátase de estandarizar o que se poida no ámbito do deseño de servizo, pero tamén de captura e rexistro de datos e procesos comúns, por exemplo efectuar un pago ou recibir unha notificación sobre un trámite en curso, e crear patróns que se poidan reutilizar e así mellorar a experiencia do usuario, non só da canle dixital, senón de cada punto de interacción e contacto co servizo.

- **Mellorar os procesos de compra e desenvolvemento de servizos de tecnoloxía dixital:** por unha banda, continuar co escrutinio do gasto en tecnoloxía, desagregar as facturas e esixir resultados a curto, medio e longo prazo. Por outra, desagregar estes macrocontratos para evitar situacións de case monopolio, e facilitar a entrada da pequena e mediana empresa, cunha maior capacidade creativa de desenvolvemento dixital. Proxectos con custos de millóns de euros que tardan meses ou anos en estar desenvolvidos teñen maior risco de fracaso; o mundo cambia demasiado rápido.
- **Crear equipos especializados en deseño e desenvolvemento de servizos dixitais:** para levar a cabo todos estes cambios é necesario incrementar os coñecementos internos dos funcionarios, tanto dos que compran tecnoloxía e servizos dixitais, como dos que xestionan os servizos.

224

225



QUE PERIGOS CRES QUE SE PODEN PRESENTAR ANTE ESTA ACELERACIÓN DA VERTENTE TECNOLÓXICA?

A tecnoloxía en si non é o perigo. A tecnoloxía é outra canle de acceso e proporciona ferramentas de xestión de acceso á información e servizos máis efectivos, pero o impacto da *technologie* é moi grande e unha das cousas que me preocupa é a posible exclusión dalgúns sectores da sociedade, porque unha parte importante da sociedade está a quedar atrás, excluída, xa sexa por falta de coñecementos ou por falta de ferramentas, potenciando aínda máis as desigualdades sociais

e económicas. Doutra banda, tamén me preocupa o aumento do control do individuo polas entidades privadas, porque a aceleración da adopción e uso da tecnoloxía xera moitos baleiros e territorios inexplorados, como é o marco legal e o acceso a datos persoais por distintas entidades privadas e públicas; a capacidade de Internet de rexistrar comportamento, sentimento e mesmo desexo, xera maiores niveis de control sobre o individuo e sobre grupos.

EN QUE CAMBIOU O PAPEL DO DESEÑADOR NESTE SENTIDO?

Non soamente cambiou o papel do deseñador, senón a noción de deseño. O deseñador ten acceso a ferramentas que facilitan a creación máis rápida, posúe moitos máis coñecementos e accede a maiores estímulos, referencias e exemplos. O deseñador converteuse en facilitador, curador e representante do ser humano no proceso de deseño tecnolóxico.

O proceso de deseño de servizos dixitais é máis parecido á *ingénierie* có deseño creativo. Porque o deseñador de produto ou de servizos traballa dentro dun equipo, normalmente con investigadores, economistas, técnicos, xestores etc., e o deseño desenvólvese baseado na necesidade dos usuarios e os obxectivos, non por inspiración divina. O deseño de servizos non é algo estático que non cambia en moito tempo, porque a capacidade de cambio é parte do proceso de deseño e debe ser incorporada para ter capacidade de retroalimentarse.

A ACELERACIÓN DIXITAL XEROU, ENTRE OUTRAS COUSAS, UN CAMBIO DAS EXPECTATIVAS E AS NOVAS XERACIÓNS ESPERAN QUE OS SERVIZOS PÚBLICOS SEXAN COMPARABLES COS SERVIZOS PRIVADOS.

**Nesta carreira dixital moitas
institucións públicas quedaron
atrás e corren o risco de quedar
obsoletas e ser pouco efectivas.**

CALES SON PARA TI AS CLAVES PARA DESEÑAR UNHA NOVA XERACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS?

Os servizos públicos, pagados polos contribuíntes, por definición han de contribuír ao bo funcionamento da sociedade e favorecer o desenvolvemento persoal dos individuos. En moitas ocasións eses servizos públicos fóronse desenvolvendo co tempo e aos poucos diluíuse a súa función orixinal polo cambio de leis ou a variación do modo e as ferramentas de xestión debido a crises sociais ou cambios

de poboación, en moitos casos, orixinaron novas capas de burocracia. A aceleración dixital xerou, entre outras cousas, un cambio das expectativas e as novas xeracións esperan que os servizos públicos sexan comparables cos servizos privados. A nova xeración de servizos ha de ter en conta o cliente, o usuario, e que os servizos sexan deseñados para satisfacer as necesidades da persoa e non para a retroalimentación do sistema.

Un campo vital para a transformación dixital é o da educación e é posiblemente onde este punto de inflexión que acabamos de vivir foi máis agudo se nos atemos á súa reconversión forzada en moi pouco tempo. Con todo, isto non fixo senón visibilizar as desigualdades e as institucións educativas capaces de adoptar os principios de deseño adiantarán a quen non consigan actualizarse.

QUE NECESIDADES ATOPAS CLAVES NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN?

No ámbito educativo a transformación dixital está a xerar unha ruptura profunda a todos os niveis. Por unha banda, demándanse contidos e formatos máis relevantes e actuais porque moitos programas educativos están quedando anticuados en canto a materias. Os cursos en liña e os MOOCS están dominando o mercado e ofrecen alternativas máis económicas, convenientes e atractivas para os estudantes, xa que moitas das empresas de tecnoloxía e en particular as que necesitan coñecementos técnicos

que non se adquiren na universidade, demandan coñecementos que hai que buscar en cursos máis especializados. Doutra banda, necesítase un cambio de mentalidade e modelo de negocio nas institucións educativas. Nun proxecto recente coa universidade de Bath, o equipo de deseño de servizos explicaba como a cultura e o rigor académico se estendía a todos os ámbitos da institución, e retardaba a toma de decisións, o que na actualidade está a xerar grandes perdas de beneficios.

CRES QUE O DESEÑADOR ACTUAL DEBE CONVERTERSE AÍNDA MÁIS NUN MEDIADOR TRANSVERSAL OU QUE, POLA CONTRA, A ESPECIFICIDADE NO CAMPO DO DESEÑO SAIRÁ REFORZADA?

Creo que o deseño cambiou de ser algo máis individual a unha actividade de equipo. Necesítanse coñecementos multidisciplinares moi variados e especializados para crear un bo deseño. Vivimos nun mundo mal deseñado. A deseñadora é a persoa con capacidade de observación e acción que pode redeseñar a vida. É a capacidade de ver onde hai unha desproporción ou unha desigualdade, de mostrar claridade na ambigüidade ou presentar o complicado

dunha maneira entendible, o que converte unha persoa en deseñador; creo que o labor da deseñadora é máis a de facilitadora e «curadora». Necesítanse máis deseñadores ca nunca e en todos os ámbitos, porque deseño implica intención e acción considerada. Creo que no deseño necesitamos ser máis polivalentes, aumentar a capacidade de deseño a ámbitos como o deseño de negocio, deseño de organizacións, sistemas de xestión, contidos etc.

226

227

Coca Rivas, diseñadora gallega de nacimiento, es actualmente la directora de diseño estratégico y de servicios de la consultora dxw, especializada en el sector público. Licenciada en Bellas Artes por la Universidad de Vigo, ha trabajado para el gobierno inglés como diseñadora de experiencia de usuario para portales web y como gestora en proyectos de transformación digital que fueron la semilla de lo que hoy es uno de los espacios digitales más reconocidos internacionalmente: gov.uk. Contribuyó al desarrollo de estándares actuales para los servicios al ciudadano y lideró procesos de transformación digital en diversos ámbitos de la administración pública. Ha sido jurado de los Premios Nacionales de Innovación y de Diseño 2019 y es miembro del Grupo de Trabajo de Diseño como herramienta potenciadora de la innovación en el Sector Público. Promovido por la Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desarrollo e Innovación del Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades 2019.

ES LA CAPACIDAD DE
VER DONDE HAY UNA
DESPROPORCIÓN O
UNA DESIGUALDAD, DE
MOSTRAR CLARIDAD EN LA
AMBIGÜEDAD O PRESENTAR
LO COMPLICADO DE UNA
MANERA ENTENDIBLE, LO
QUE CONVIERTE A UNA
PERSONA EN DISEÑADOR.

228

229

CREO QUE LA LABOR DE
LA DISEÑADORA ES MÁS
LA DE FACILITADORA Y
«CURADORA». SE NECESITAN
MÁS DISEÑADORES QUE
NUNCA Y EN TODOS LOS
ÁMBITOS, PORQUE DISEÑO
IMPLICA INTENCIÓN Y
ACCIÓN CONSIDERADA.

Eres buena conocedora del impacto de los medios digitales en el diseño de servicios para el ciudadano, sobre todo por la experiencia de trabajar durante años para la estrategia digital del gobierno en el Reino Unido. Ahora que lo importante se ha vuelto urgente para la sociedad en términos digitales,

**¿CUÁLES CREES QUE
SON LOS PASOS A SEGUIR
EN ESTE CAMPO?**

La aceleración de la transformación digital es inevitable y necesaria. No es un proceso lineal, pero ha de atacarse desde varios frentes. Por un lado, está el rediseño o la creación de nuevos servicios adaptados a la era digital. Por otro, el aumento del escrutinio del gasto en tecnología y evaluación de la calidad de los proyectos tecnológicos.

De mi experiencia en el Reino Unido, en el equipo de transformación digital en GDS (Government Digital Service), puedo destacar algunas claves:

- **La existencia de un mandato centralizado y una estrategia precisa:** Un mandato de cambio y transformación para todo el gobierno y no para un solo departamento y una estrategia accionable, liderada por expertos con experiencia en el sector digital.
- **Una información clara que facilita el acceso a los servicios ciudadanos:** Porque en lo que respecta al diseño de servicios, la información debe ser esencial, con contenidos claros, correctos y que el ciudadano de a pie pueda encontrar fácilmente y entender. Un ejemplo actual es la comunicación en respuesta a la COVID-19. La crisis global ha exacerbado cambios regulatorios a nivel local, regional y transnacional, acelerando la necesidad de implementar rápidamente nuevas normas, pero la información oficial sobre estas normas en la mayoría de los casos es incomprensible o difícil de encontrar, y en muchos casos es información que recibimos a través de la prensa o medios informativos privados, en ocasiones de manera incorrecta o pagando por acceder. La información del gobierno ha de ser clara y accesible para sus ciudadanos; es un derecho; no es un privilegio.
- **La mejora de los trámites administrativos más comunes de gran volumen:** Aparte de que la información esté al día, hay muchos procesos administrativos —trámites como por ejemplo pedir o cambiar una cita, o renovar o registrarse para recibir una prestación— que son transacciones comunes de gran volumen y buenos candidatos para ser transformados digitalmente, mejorando la experiencia

